



PROXECTO DEPORTIVO FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA E CASTING

DESCRICIÓN

A pesca en Galicia, tanto en augas continentais como marítimas, practicada sen ánimo de lucro, por lecer, entretemento, ou deporte, mesmo como unha actividade turística relacionada co medio mariño ou fluvial, favorece a diversificación económica do sector produtivo galego. Acadando, en liñas básicas, unha relación máis estreita entre tódolos seus practicantes e, asemade, facendo que este deporte sexa cada vez máis grande.

Os deportistas galegos que participan en competicións fóra de Galicia, tanto no ámbito nacional coma no internacional, convértense nos mellores embaixadores posibles da Nosa Terra e da excelencia dos nosos recursos e escenarios de pesca. Por ilo é imperativo que quen nos represente a eses niveis defenda e promociione os nosos valores comúns.

Dende o ano 2019, a actividade deportiva da Federación Galega de pesca e Casting medrou cualitativa e cuantitativamente. Nestes derradeiros anos, os e as nosas deportistas proclamáronse varias veces campións do Mundo, acadando éxitos tanto no panorama mundial da pesca deportiva de competición como no nacional. Con estes antecedentes nace este PROXECTO DEPORTIVO, que, inda que é ambicioso, nace coa intención de seguir buscando novos éxitos e, dentro do posible, continuar co crecemento da Federación Galega de Pesca e Casting e manter, ano a ano, a excelencia e os bos resultados.

MARCO INSTITUCIONAL

A Federación Galega de Pesca e Casting, en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña, constitúen o marco institucional do proxecto da pesca de competición oficial na nosa comunidade autónoma.

Os Estatutos federativos e a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establecen e definen as competencias propias da Federación e as públicas que,



DEPORTE
GALEGO

por delegación, desenvolve. Neste senso, a Federación Galega de Pesca e Casting tamén solicita e obtén os apoios necesarios de diferentes órganos institucionais para o normal desenvolvemento das súas actividades, (Consellería do Mar, Capitanías Marítimas, Autoridade Portuaria, etc.), principalmente para acadar as necesarias autorizacións administrativas. Cabe facer especial mención á Confraría de Pescadores de Fisterra que pon a nosa disposición as súas instalacións para o desenvolvemento das competicións de Embarcación Fondeada. Así coma os concellos de Ribeira de Piquín, Baralla e Bande, que facilitan as nosas competicións de Salmónidos. Tamén á Escuela Naval Militar de Marín e a Escuela de Especialidades de La Estación Naval de La Graña pola súa colaboración nas competicións de Corcheo Mar.

FINALIDADE

Impoñémonos como misión principal que a Federación Galega de Pesca e Casting sexa unha entidade deportiva sostible a medio e longo prazo; que sexa viable economicamente e, sobre todo, que sexa un referente na pesca deportiva de competición a nivel nacional. Buscamos ser unha Federación Deportiva de todos e para todos, integradora de tódalas sensibilidades, que teña unha maneira de entender o deporte como un equilibrio entre o interese privado e o colectivo, fomentando, evidentemente, o interese polo deporte e a práctica da pesca deportiva, como un medio para descubrir calidades e valores como son a disciplina, a perseveranza, a amizade, o respecto e o traballo en equipo, partindo da excelencia individual, para así transmitir coñecementos a novas incorporacións. En definitiva, promocionar o noso deporte e a actividade deportiva tanto para que os actuais como para que futuros deportistas continúen competindo a tódolos niveis: autonómico, nacional e internacional.

OBXECTIVOS

Implementar unha liña de traballo baixo un Plan Deportivo común no que se terán en conta os seguintes principios:

- Fomentar a práctica deportiva entre os membros da Federación Galega de Pesca e Casting, para que chegue a ser considerada unha ferramenta imprescindible dentro dun estilo de vida activo e saudable.
- Instaurar unha liña común de práctica deportiva fundamentada no xogo limpo, no que a participación, a aprendizaxe e a diversión sexan os motores en



tódalas actividades programadas, con independencia da súa índole, natureza e características.

- Desenvolver os nosos contidos en base ao xogo limpo, á deportividade, ao respecto e ao traballo en equipo.
- Adquirir hábitos saudables.
- Establecer unha conciencia medioambiental e sostible, dentro dun absoluto respecto ás nosas augas e espazos naturais continentais e marítimos, e ás especies que neles habitan.
- Ofrecer unha actividade física e deportiva inclusiva, que acade os baremos mínimos da práctica recomendada por institucións e estudos de referencia, no eido da saúde, para nenos/as, mozos/as, homes, mulleres e persoas maiores, que se desenvolve en plena natureza.
- Adaptar a práctica da actividade física e do deporte, especialmente a competición, ás finalidades e necesidades de cada ciclo da vida humana.
- A non discriminación por razón de sexo, idade, confesión, ideoloxía, ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

METAS

A nosa realidade contextual, supón que moitas persoas teñan escasas posibilidades de certas prácticas deportivas no medio natural, por ilo, tentamos, en primeiro lugar, en formar grupos nos que a pesares das súas características individuais, saiban cooperar e traballar en equipo por un proxecto común, espertando neles un interese pola práctica do exercicio físico, tentando transmitir, asemade, que sexan conscientes dos maravillosos recursos e espazos naturais que posuímos, nas distintas localidades do rural galego, para a práctica da actividade física e deportiva ao aire libre, sendo a pesca unha moi boa oportunidade para a realización desas actividades físico-deportivas no medio natural que, ademais, está ao alcance de tódalas idades e mesmo condicións físicas individuais.

Acadar a maior integración posible a través da participación activa nas diferentes especialidades da pesca deportiva, fortalecendo a participación nas competicións deportivas oficiais, e desenvolver calendarios deportivos que contribúan a mellorar as oportunidades de acceso á práctica deportiva da pesca,




DEPORTE
GALEGO

tanto a nivel nacional como internacional, preservando a igualdade de condicións e oportunidades.

BENEFICIARIOS

Este proxecto asume como beneficiarios aos nenos, nenas, homes e mulleres federados segundo a proporción que se amosa no seguinte cadro.



LOCALIZACIÓN FÍSICA E COBERTURA ESPACIAL

As actividades recollidas no calendario oficial da Federación Galega de Pesca e Casting desenvólvense, exclusivamente, en plena natureza galega, ríos, encoros, praias, cantís, portos e dende embarcación fondeada. Non usamos instalacións deportivas específicas.

A promoción do noso deporte e da actividade da pesca deportiva de competición é un obxectivo xeral deste proxecto deportivo. Búscase que os pescadores continúen pescando e competindo a tódolos niveis: autonómico, nacional e internacional, achegando éxitos e recoñecementos ao deporte galego en xeral e á pesca deportiva de competición en particular.



Calendario deportivo galego 2025.

2 FEBREIRO			6 XUÑO				
P	Mar Costa Coruña- Lugo	Covas - Area	22	P	Spining Mar Costa PO/OU	Cabo Udra - Bueu	1
P	Mar Costa Ourense- Pontevedra	Praia América	22	P	Spining Mar Costa CO/LU	Torre de Hércules - A Coruña	1
3 MARZO			7 XULLO				
O	Salmónidos Mosca Lago Beira	Embalse da Fervenza (CO)	1	T	Mosca Xuventude	A Veiga - Xares	1
O	Salmónidos Lance Lago Beira	Embalse da Fervenza (CO)	1	S	Salmónidos Lance	Covas - Neira	7/8
O	Mar Rocha	Cabo Touriñán/Corme	8	A	Embarcación Fondeada	Fisterra	14
O	Mar Costa Veteranos	Laxe - Fisterra	22	A	Mosca Xuventude	Bora - Lérez	14
O	Embarcación Fondeada Clubs	Ribadeo	29	O	Salmónidos Lance Veteranos	Cenza - Cenza	21
O				S	Salmónidos Mosca	Ribeira de Piquín - Eo	28/29
4 ABRIL			8 AGOSTO				
P	Salmónidos Lance Coruña	Aranga - Mandeo	5	S	Spining Mar Costa	Lugo - Viveiro/Xove	3
P	Salmónidos Lance Lugo	Monterroso - Ulla	5	EP	Escola de Pesca	Xallas	9
P	Salmónidos Lance Ourense	Ponteliñares - Liñares	5	O	Auga Doce	Encoro da Fervenza	9
P	Salmónidos Lance Pontevedra	Ponteliñares - Liñares	5	O	Corcheo Mar	Ferrol - Marín	16
P	Salmónidos Mosca Ourense	O Carballiño - Arenteiro	12	O	Embarcación Fondeada Dúo	Ribadeo	23
P	Salmónidos Mosca Pontevedra	Codeseda - Umia	12	9 SETEMBRO			
P	Salmónidos Mosca A Coruña	Sta Comba - Xallas	12	EP	Escola de Pesca	Taboada - Deza	6
P	Salmónidos Mosca Lugo	Monforte - Cabe	12	S	Mar Costa 1º Día	Fisterra - Laxe	20
O	Open Presidente da Xunta	Xallas/Beba - Xallas	18/19	A	Mar Costa Damas 1º Día	Fisterra - Laxe	20
A	Mar Costa Xuventude	Fisterra - Laxe	26	10 OUTUBRO			
A	Mar Costa Absoluto	Fisterra - Laxe	26	S	Mar Costa 2º Día	Laxe - Fisterra	11
A	Salmónidos Lance Xuventude	Baio - Grande	27	A	Mar Costa Damas 2º Día	Laxe - Fisterra	11
5 MAIO			O	Liga de Clubs Mar Costa	Carnota - Fisterra	25	
A	Salmónidos Lance	Ponteliñares - Limia	3/4	P	Provincial		
O	Mar Costa Dúos	Carnota - Fisterra	10	A	Autonómico		
O	Salmónidos Lance Dúos	Xallas/Beba - Xallas	17	S	Selectivo		
P	Embarcación Fondeada (CO)	Fisterra	24	EP	Escola de Pesca		
P	Embarcación Fondeada (LU)	Fisterra	24	T	Tecnificación		
P	Embarcación Fondeada (PO)	Fisterra	24	O	Open		
A	Salmónidos Mosca	Verdes - Anllóns	24/25				
O	Salmónidos Mosca Veteranos	Boborás - Viñao	31				

ESPECIFICACIÓN OPERACIONAL DAS TAREFAS A REALIZAR

- **En augas Continentais.** As competicións de Salmónidos desenvólvense exclusivamente en ríos e encoros. Os ríos escollidos (coutos de pesca) son divididos en tramos de pesca e cada deportista pesca ou fai de control nun determinado tramo adxudicado por sorteo. No caso dos encoros, delimitase un determinado espazo que é dividido en tantos postos de pesca como deportistas compiten nesa proba. A acción de pesca faise por rotación de deportistas entre os distintos postos de pesca, previo sorteo.

As capturas son medidas polos controis e anotadas nunha plica. Ao final de cada quenda entregase a plica corresponde e procédese a elaborar a clasificación de cada quenda. A suma dos postos en cada quenda son ordenados de menor a maior na clasificación final.

- **En augas mariñas dende costa.** No caso das competicións de Mar Costa, Pesca dende Rocha, Spining Mar Costa e Corcheo Mar, son escollidos uns determinados escenarios (cantís, praias e peiraos) que son divididos en tantos postos de pesca como deportistas inscritos nesas probas. Cada deportista pesca



DEPORTE
GALEGO

dúas quendas de tres horas, con un descanso entre elas dunha hora, en postos de pesca adxudicados por sorteo.

- **Embarcación fondeada.** Esta actividade realízase, como o seu nome indica, dende embarcación fondeada en augas costeiras galegas.

- **Escolas de pesca.** Van dirixidas principalmente a mozos e mozas, nenos e nenas que nunca tiveron licenza de pesca fluvial ou que tan solo a tivesen un ano. Son escolas dirixidas exclusivamente á pesca en augas continentais na modalidade de pesca a mosca sen morte.

- **Xornadas técnicas.** Son concentracións que van encamiñadas á preparación dos deportistas, membros das nosas seleccións autonómicas, de cara ás competicións nacionais nas que van participar. En algúns casos tamén incluímos aos nosos deportistas clasificados para algunha competición internacional.

MÉTODOS E TÉCNICAS A UTILIZAR

Tódolos deportistas pertencentes as Federación Galega de Pesca e Casting, de calquera das especialidades de pesca nas que compitan, deberán cumprir, en todo momento, coas condicións estipuladas no Regulamento de Competicións da Federación Galega de Pesca e Casting, ou calquera outro documento de referencia normativa ou acordo validamente acadado polos órganos da Federación, sexan técnicos ou de goberno. As seleccións galegas de pesca das distintas especialidades estarán constituídas polos campión autonómico de cada especialidade e polos tres primeiros clasificados do correspondente selectivo. No caso de competicións tipo Open, integrarán a selección os catro primeiros clasificados. No caso de renuncia de algún dos clasificados ou perda dos méritos por incumprimento de algún dos requisitos establecidos, os deportistas substitutos serán seleccionados polo Equipo Técnico da Federación Galega de Pesca e Casting e que cumpran os seguintes criterios:

- a) Cumprir cos Estatutos, cos acordos acadados polos órganos de goberno e cos criterios que estableza o Comité da especialidade.
- b) Ter completadas as quendas de pesca do clasificatorio.
- c) Ser campión do autonómico clasificatorio.
- d) Estar entre os tres primeiros postos do selectivo clasificatorio.



DEPORTE
GALEGO

- e) Estar entre os catro primeiros postos do Open clasificatorio.
- f) Ser seleccionado a criterio técnico pola Federación Galega de Pesca e Casting.

Condicións a cumprir.

Os deportistas deberán:

- a) Asistir aos campionatos de España vestindo o uniforme oficial da Federación Galega de Pesca e Casting, coma mínimo, en tódolos actos oficiais.
- b) Absterse de exhibir nos actos oficiais dos campionatos de España calquera tipo de publicidade sen a autorización expresa da Federación Galega de Pesca e Casting.
- c) Asistir ás xornadas de adestramentos e competicións as que se inscriba.
- d) Respecto ao medio acuático e aos seres que nel habitan.
- e) Asistencia obrigatoria ás convocatorias de nivel autonómico, nacional ou internacional.
- f) Asistencia obrigatoria ás competicións clasificatorias para os campionatos de España, mesmo no caso de ter sido seleccionado por criterios técnicos.
- g) Cumprimento do contrato de cesión ou de uso compartido do material, no caso de ter material cedido pola Federación Galega de Pesca e Casting.
- h) Cumprimento do código ético da Federación Galega de Pesca e Casting.

No caso de incumprimento de algún destes puntos, a Federación poderá excluír ao deportista da selección galega.

Criterios técnicos.

Para avaliar aos posibles integrantes das seleccións galegas de pesca, de cara a entrar nelas ou a continuar sendo membro das mesmas, utilizaremos os seguintes criterios:

Opcións de clasificación para formar parte do Equipo Nacional. Avaliadas do 1 ó 5, sendo 5 as máximas e 1 moi poucas opcións de formar parte do equipo nacional.



DEPORTE
GALEGO

Melloría ou dominio das técnicas de pesca. Avaliadas do 1 ó 5, sendo 5 unha melloría constante a base de continuidade e esforzo, e 1 un estancamento e falta de progresión total.

Avaliaranse, entre outros, os seguintes aspectos: a técnica e a estratexia, a forma física, os hábitos de vida saudables, o rendemento deportivo, a constancia e o compromiso co cumprimento dos obxectivos, a asistencia e a puntualidade nos adestramentos, concentración e competicións programadas, o traballo en equipo, o compañeirismo e, o interese común prevalecerá sobre calquera outro interese privado. Unha selección galega de pesca é un equipo e así debe comportarse.

DETERMINACIÓN DOS RECURSOS NECESARIOS

Humanos.

O acondicionamento dos escenarios, solicitudes de autorizacións, sorteos, clasificacións, confección de cruces, sorteos e plicas, asúmeno enteiramente os membros da Xunta Directiva da Federación Galega de Pesca e Casting.

As probas son xulgadas polos xuíces da Federación.

As labores de control en salmónidos asúmenas os propios deportistas que fan quendas de pesca e de control. En Mar Costa achegan controis os clubs que inscriben deportistas nesas probas.

Para as escolas de pesca contamos coa colaboración de David Arcay Fernández, actualmente un dos mellores pescadores deportivos de competición a nivel nacional e internacional.

As xornadas técnicas desenvólvense baixo a dirección técnica dos deportistas que teñan acadado podios a nivel nacional e que as fan voluntariamente. En casos concretos recibimos axuda de deportistas internacionais pertencentes a outras federacións territoriais.

Materiais.

Canas
Carretes
Fíos
Cebos



DEPORTE
GALEGO

Señuelos
Boias - Corchos
Vadeadores - Botas
Chalecos - Petos
Piquetes - Carteis de sinalización de tramos
Plicas - Baldes - Bolsas - Bridas - Identificadores de capturas
Ordenador
Proxector - Pantalla
Trofeos - Medallas
Uniformes - Roupa deportiva

ORZAMENTO 2025

ORZAMENTOS 2025		
TOTAL INGRESOS 2025	187.125,00 €	
TOTAL GASTOS 2025	187.125,00 €	
	INGRESOS	GASTOS
ACTIVIDADES 2025 E AS SÚAS PARTIDAS ORZAMENTARIAS	187.125,00 €	187.125,00€
<u>SUBVENCIONS E INGRESOS CORRENTES</u>		
Ingresos Cota Federativa	12.000,00 €	
SX para o Deporte 2025	25.000,00 €	
Conselleria Medio Ambiente	30.000,00 €	
Ingresos Tarxetas	80.975,00 €	
Cotas participación Campionatos	30.500,00 €	
Deputación da Coruña	5.250,00 €	
Equipamentos/uniformes campionatos nacionais	3.400,00 €	
TOTAL INGRESOS		187.125,00€
<u>GASTOS</u>		
<u>CAMPIONATOS PROVINCIAIS</u>		
Mar - Costa (2)	300,00 €	
Salmónidos Mosca (4)	600,00 €	
Salmónidos Lance (4)	600,00 €	
Spinning Mar - Costa (2)	300,00 €	



DEPORTE
GALEGO

Embarcación Fondeada (3)	3.150,00 €
GASTOS PARCIAL	4.950,00 €
<u>CAMPIONATOS ATONÓMICOS; OFICIAIS E TIPO OPEN</u>	
Auga Doce	300,00 €
Spinning Mar Costa	200,00 €
Corcheo Mar	200,00 €
Mar- Costa Absoluto e Xuventude	600,00 €
Mar-Costa Dúos	300,00 €
Salmónidos Lance Veteranos	200,00 €
Salmónidos Mosca	1.986,00 €
Salmónidos Mosca Veteranos	200,00 €
Salmónidos Mosca Lago	200,00 €
Salmónidos Lance Lago	200,00 €
Open Presidente da Xunta de Galicia	10.790,00 €
Salmónidos Lance	3.344,00 €
Mar Costa Veteranos	200,00 €
Salmónidos Lance Dúos	200,00 €
Salmónidos Mosca Xuventude	200,00 €
Embarcación Fondeada Clubs	1.750,00 €
Embarcación Fondeada Dúos	1.650,00 €
Embarcación Fondeada Absoluto	2.180,00 €
Liga de Clubs Mar - Costa	300,00 €
Salmónidos Mosca Dúos	395,00 €
Mar Costa dende Rocha	300,00 €
GASTOS PARCIAL	25.695,00 €
<u>CAMPIONATOS SELECTIVOS</u>	
Salmónidos Mosca	1.541,00 €
Salmónidos Lance	1.537,00 €
Spinning Mar Costa	200,00 €
Mar - Costa Absoluto e Autonómico Damas	300,00 €
Embarcación	1.685,50 €
GASTOS PARCIAL	5.263,50 €
<u>ACTIVIDADES VARIAS</u>	
Outras Actividades Xuventude en auga salgada	1.000,00 €
Escolas de Pesca	5.500,00 €
Outras Actividades Xuventude en augas continentais	1.000,00 €
GASTOS PARCIAL	7.500,00 €
<u>CAMPIONATOS ESPAÑA</u>	
Mar - Costa Damas	2.010,00 €
Mar - Costa Dúos	2.375,00 €
Salmónidos Mosca Absoluto	2.000,00 €
Salmónidos Mosca Veteranos	2.130,00 €
Salmónidos Mosca Lago	1.810,00 €
Mar-Costa Corcheo	1.910,00 €



DEPORTE
GALEGO

Embarcación Fondeada	1.810,00 €
Embarcación Fondeada Dúos	2.070,00 €
Spinning Mar - Costa	1.910,00 €
Salmónidos Lance	1.910,00 €
Salmónidos Artificiais	1.825,00 €
Salmónidos Lance Dúos	2.230,00 €
Embarcación fondeada Clubs	2.725,00 €
Embarcación Fondeada Xuventude	2.585,00 €
Salmónidos Mosca Dúos	2.580,00 €
Auga Doce	2.050,00 €
Mar - Costa Absoluto	2.150,00 €
Mar Costa Veteranos	2.000,00 €
Salmónidos Mosca Xuventude	2.200,00 €
Mar Costa Dende Rocha	1.460,00 €
Liga de Clubs Mar Costa	2.375,00 €
GASTOS PARCIAL	44.115,00 €
<u>CAMPIONATOS ESPAÑA</u> <u>Bolsa de Viaxe delegados</u>	
Salmónidos Lance	500,00 €
Salmónidos Mosca Absoluto	500,00 €
Salmónidos Mosca Xuventude	500,00 €
Mar Costa Dúos	1.630,00 €
Salmónidos Mosca Veteranos	500,00 €
Salmónidos Mosca Lago	500,00 €
Embarcación Fondeada Dúos	1.050,00 €
Spinning Mar - Costa	1.330,00 €
Salmónidos Lance Dúos	500,00 €
Salmónidos Artificiais	500,00 €
Mar Costa Veteranos	500,00 €
Embarcación Fondeada Xuventude	500,00 €
Mar Costa dende Rocha	500,00 €
Liga de Clubs Mar Costa	1.500,00 €
Auga Doce	500,00 €
Embarcación Fondeada Clubs	500,00 €
Mar Costa Corchec	500,00 €
Embarcación Fondeada	1.400,00 €
Salmónidos Mosca Dúos	500,00 €
Mar - Costa Damas	1.200,00 €
Mar-Costa Absoluto	1.200,00 €
GASTOS PARCIAL	16.310,00 €
<u>OUTROS GASTOS DEPORTIVOS</u>	
Axudas Deportistas de Alta Competición	5.000,00 €
Axudas Deportistas en Competicións Internacionais	3.000,00 €
Indumentaria Deportiva (polos, camisas, sudaderas)	9.675,00 €
Indemnizacións deportistas desprazamentos competicións nacionais	3.500,00 €
Cebos competicións Mar Costa	8.475,00 €



DEPORTE
GALEGO

Aluguer furgonetas	2.840,00 €
Combustible furgonetas	2.100,00 €
Trofeos e gravados Absoluto, damas, veteranos e xuventude	6.500,00 €
GASTOS PARCIAL	41.090,00 €
<u>ADMINISTRACIÓN</u>	
Comisións Bancarias	630,00 €
Xestoría	1.900,00 €
Seguros e Mútuas	12.350,00 €
Páxina Web	900,00 €
Facer tarxetas federativas	510,00 €
Teléfono	960,00 €
Canon española	1.000,00 €
Asembleas xerais	1.000,00 €
Taxas permisos campionatos de mar	390,00 €
Arbitraxe/Xuíces	1.000,00 €
Publicidade	1.250,00 €
Funxibles Mar Costa	230,00 €
Funxibles Salmónidos	230,00 €
Funxibles embarcación fondeada	100,00 €
Papelería/ fotocopias	260,00 €
Correos	450,00 €
Mensaxería	85,00 €
Asesoría xurídica e representación	5.000,00 €
Indemnización desprazamentos directivos	10.000,00 €
Reunións Xunta Directiva	450,00 €
Tinta impresoras	76,50 €
Habitacións asistencia directivos a campionatos	200,00 €
Reposición de equipos	730,00 €
Asistencia asemblea española	2.500,00 €
GASTOS PARCIAL	42.201,50 €

ESTRUTURA ORGANIZATIVA E DE XESTIÓN

PRESIDENTE	
VICEPRESIDENTE 1º	VICEPRESIDENTE 2º
TESOUREIRO	SECRETARIO
DELEGADO A CORUÑA	DELEGADO LUGO
DELEGADO OURENSE	DELEGADO PONTEVEDRA
SUBDELEGADO OURENSE	SUBDELEGADO PONTEVEDRA
COMITÉ SALMONIDOS	COMITÉ MAR COSTA
COMITÉ AUGA DOCE	COMITÉ SPINNING DE COSTA



DEPORTE
GALEGO

COMITÉ EMBARCACIÓN MAR	COMITÉ MAR ROCHA
COMITÉ DE XUÍCES	COMITÉ CORCHEO MAR

INDICADORES DE AVALIACIÓN

Coñecemento do deporte da pesca		
Excelente	Bo	Baixo
O deportista demostra un profundo coñecemento do deporte e das súas regras.	O deportista demostra un bo entendemento do deporte e das súas regras.	O deportista ten un coñecemento limitado do deporte e das súas regras.
Participación e liderazgo		
O deportista participa activamente en tódalas etapas do proxecto e demostra habilidades de liderazgo	O deportista participa de maneira adecuada na maioría das etapas do proxecto y mostra algunha habilidade de liderazgo.	O deportista mostra unha participación limitada nas etapas de proxecto e non mostra habilidade de liderazgo.
Cumprimento do rol asignado		
O deportista cumpre co rol asignado de maneira excepcional, mostrando un alto nivel de compromiso e responsabilidade.	O deportista cumpre co rol asignado de maneira satisfactoria, mostrando compromiso e responsabilidade.	O deportista non cumpre adecuadamente co rol asignado e mostra falta de compromiso, responsabilidade e integración.
Organización e planificación		
O deportista organiza e planifica tódalas actividades do proxecto de maneira eficiente e efectiva.	O deportista organiza e planifica a maioría das actividades do proxecto de maneira adecuada.	O deportista mostra unha total falta de organización e planificación das actividades do proxecto.
Calidade e cumprimento dos obxectivos		
O deportista acada uns resultados finais, cumprindo con tódolos obxectivos, ou mesmo superando as expectativas.	O deportista acada uns bos resultados finais, cumprindo coa maioría dos obxectivos.	O deportista presenta uns resultados finais lonxe dos esperados, ou incumprindo tódolos obxectivos.



DEPORTE
GALEGO

Outros tipos de indicadores.

Eficacia e Resultado
O logro dos resultados inicialmente propostos, polo tanto conformaran este grupo os indicadores que avalíen si se cumpriu o non o resultado agardado.
Eficiencia e Xestión
Definido como a utilización e uso dos recursos de acordo a un programa establecido. A eficiencia ten moito que ver, entre outros, cos seguintes recursos: financeiros, técnicos, humanos e co tempo, os cales se miden en, importes, horas-deportista, horas, días, por actividade e semanas meses dedicados á xestión polos directivos.
Impacto
Mide os cambios ou modificacións positivas ou negativas que se producisen sobre a poboación obxectivo (deportistas) como consecuencia da execución do proxecto ou o cumprimento do plan previsto e sas funcións asignadas de acordo coas necesidades existentes na área de intervención da entidade.
Cumprimento
Mide o nivel de cumprimento dos obxectivos propostos de acordo co desenvolvemento proxecto previsto. Segundo dicía Walt Disney “Sempre debes tentar que o que fagas hoxe te achegue un pouco máis ao que queiras facer mañá”

FACTORES EXTERNOS CONDICIONANTES

É transcendental ter a capacidade de identificar un problema antes de que se converta nunha emerxencia.

Falta de financiación para o proxecto		
Causa	Consecuencia	Resposta
Baixo orzamento	Imposibilidade de desenvolver o proxecto	Obter financiamento por outros medios
Accidente		
Mala avaliación dos riscos	Posible denuncia á organización	Contratar seguros de accidentes e responsabilidade civil
Malas condicións climáticas para a realización de actividades ao aire libre		
Precipitacións, treboadas que condicionen ou prexudiquen desenvolver a actividade	Imposibilidade de desenvolver con normalidade as actividades previstas	Dar prioridade á seguridade e decretar a suspensión da actividade prevista



DEPORTE
GALEGO

Avaliación dos riscos externos		
Risco	Frecuencia	Impacto
Baixo orzamento	Rara	Moi grave
Mala avaliación dos riscos	Rara	Grave
Precipitacións, treboadas que condicionen ou prexudiquen desenvolver a actividade	Frecuente	Pequeno

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Constitución Española (1978)

Desbordes, J. (2006). Gestión y organización de un evento deportivo. Barcelona: Inde.

Federación Española De Municipios Y Provincias. (2000) Guía del concejal de deportes. Madrid: Femp; Consejo Superior de Deportes.- Femp, D.L.

Federación Española de Municipios y Provincias (2008) La gestión deportiva local: Problemática actual y tendencias de futuro. Las Palmas de Gran Canaria: FEMP

Ley 3/2012, de 2 de abril, del deporte de Galicia.

SITIOS WEB

AGAXEDE <http://agaxede.org/>

Consejo Superior de Deportes <http://www.csd.gob.es/>

FEGAMP <http://www.femp.es/>

Xunta de Galicia <http://www.xunta.es/>



Vimianzo a 18 de novembro de 2024